

Examinado o informe proposta elaborado polo Servizo de Recursos Humanos con data 05/11/2020 e que literalmente transcrito di:

“ No BOP número 52 de data 15/03/2019 publícase o Regulamento para a selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Ferrol.

No artigo 2 establécese que:

2.3. Para poder ser incluídas nas listas as persoas interesadas terán que reunir os requisitos que para cada escala, subescala, clase ou categoría se recollen na normativa vixente e presentar a súa solicitude no prazo que se establece para o efecto que será do 1 ao 31 de xaneiro cada dous anos naturais (bianualmente).

Asi mesmo o artigo 4 do Regulamento recolle que rematado o prazo de presentación de instancias, o órgano competente na materia aprobará unha listaxe provisional por cada unha das categorías, ordeando a mesma segundo prelación da puntuación total do currículo autobareado aportado por cada aspirante para cada categoría á que opta. Nesta listaxe provisional aparecerán tamén os aspirantes excluídos, con indicación dos motivos de exclusión, e serán publicadas no taboleiro de edictos da Casa do Concello e complementariamente na web municipal, determinándose na mesma un prazo de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da súa publicidade, para subsanación/enmenda da documentación requirida.

Por outra banda, recóllese tamén que no Decreto de aprobación desta listaxe provisional, determinarase a composición nominativa do órgano cualificador, con titulares e suplentes, para supostos de abstención/recusación dos membros designados.

Polo exposto propónse a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Estatística, Turismo e Edusi a adopción da seguinte resolución:

Primeira.- Aprobar a relación provisional de aspirantes admitidos/as na categoría de **ARQUITECTO/A** que é a seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	TOTAL
MOSQUERA AMADO, MANUELA	***4671**	9
FRA GALVEZ, OLGA	***8113**	7,95
ALONSO CAEIRO, VICTORIA	***7380**	7,2
CANDOCIA ACCIÓN, MARTA	***6443**	7,2
COTOVAD MARTINEZ, FELIPE	***9388**	7,2
CUERVO ALVAREZ, LARA	***1734**	7,2
GONZALEZ NOVO, MARIA JOSEFA	***8285**	7,2
PEREZ BERMUDEZ, JUAN DARIO	***3571**	7,2
RODRIGUEZ CERCIDO, TANIA M ^a	***0249**	7,2
VILA PITA, JUAN AGUSTIN	***3853**	7,2
BERTALO PEREZ, ANA	***1593**	7,1
LOPEZ DURANGO, ANA	***1915**	7
SALVADOR POTENTE, M ^a DEL PILAR	***4598**	6,5
TAPIA GOMEZ, MARICARMEN	***3037**	6,15
PEREZ PARAPAR, CARMEN	***0196**	6,05
MONTERO GONZALEZ, MARIA	***8847**	5,95

DIAZ RODRIGUEZ, NOARA	***8272**	4,8
FERNANDEZ FIDALGO, JORDI	***8227**	3,8
ROMERO DIAZ, ABEL	***0411**	2,55
DIEGUEZ RODRIGUEZ, SONIA	***5564**	2

Segunda.-Acordar a composición da Comisión avaliadora que estará formada polas seguintes persoas:

Presidente/a: Elena López Fernández, asesora xurídica Benestar Social
Suplente: Iria Buján Vazquez, xefa de Servizo de Benestar, Igualdade e Xuventude

Secretario: Leopoldo Moure Garcia, secretario xeral
Suplente: Paula Vazquez Carrasco, oficial maior

Vogal: Efrén Pernas Fernández, xefe de Servizo de Urbanismo e Infraestructuras
Suplente: José Luis Espada Golpe, xefe da oficina técnica

Vogal: Engracia Dopico González, xefa de Sección de Promoción Cultura e Turística
Suplente: Joaquin Martínez Cubero, xefe de Servizo de Cultura, Educación, Deportes e Turismo

Vogal: Estefanía Gómez García, axudante de Biblioteca e Arquivo
Suplente: Enrique Suarez Díaz, cabo de bombeiros

Vogal: Anxo de Nicolás Sáchez, xefe de Sección de Urbanismo e Infraestructuras
Suplente: María Jesús Calvo Camba, psicóloga

Terceira.- Outogar ao persoal aspirante un prazo de 10 días para a subsanación/enmenda da documentación requirida.

Non obstante, vostede resolverá. “

Examinada asímesmo a documentación que o acompaña

Decreto.- Vista a proposta apróboa nos seus propios termos.

Así o manda e asina a concelleira delegada titular da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi mediante delegación conferida por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 08/07/2019 na Casa do Concello de Ferrol o día que figura na sinatura dixital

Dou fe,
O secretario xeral